

AXUDAS PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO BENEFICIARIO DAS BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR.

INFORMACIÓN BÁSICA

- 1) Aparecen reguladas na Orde do 27 de marzo, publicada no DOG nº 68 do luns 30 de marzo de 2020.
- 2) As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.
- 3) Os destinatarios/as destas axudas económicas están dirixidas aos seguintes usuarios/as do comedor:

TIPO DE USUARIO	CANTIDADE QUE SATISFACÍA	AXUDA QUE LLE CORRESPONDE
Sen aboar nada (non pagan)	Cero Euros	Dous euros e cincuenta céntimos
Pago un euro	Un euro	Un euro e cincuenta céntimos.

- 4) Os días que se compensarán nesta primeira fase, serán 14 días lectivos ata o comezo das vacacións de Semana Santa e tamén se contemplan outros 14 días no caso da prorroga do estado de alarma ata o día 1 de maio de 2020. En total serían 28 días lectivos.

O pagamento faríase en dúas partes, correspondentes cada unha aos períodos antes sinalados. Poderase estender o previsto na presente orde de haber prorroga no Estado de Alarma.

- 5) As solicitudes PRESENTARANSE OBRIGATORIAMENTE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS A TRAVÉS DO FORMULARIO NORMALIZADO NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA <https://sede.xunta.gal> (código de procedemento ED601B).

Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

- 6) AS FAMILIAS QUE ACREDITEN DIFICULTADES PARA PRESENTAR POR MEDIOS ELECTRÓNICOS, SOLICITARAN AO EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO EDUCATIVO AXUDA MEDIANTE CORREO ELECTRÓNICO ceip.asgandaras@edu.xunta.gal ou no **teléfono 982870504** en horario de 10:00 a 13:00, ONDE SERÁN DEBIDAMENTE ATENDIDAS.

7) Estas familias deberán facilitar por vía telefónica e/ou correo electrónico os seguintes datos:

- a) DNI ou NIE da persoa representante legal do alumnado (pai/nai ou titor/a legal)
 - b) Nome e apelidos do pai/nai/titor/a
 - c) Nome e apelidos e curso dos fillos/fillas
 - d) Número de conta bancaria completa no que se quere recibir o aboamento da axuda. 20 díxitos
- 8) O prazo de presentación comprende desde o día 31 de marzo ata o 6 de abril, ambos os dous incluídos.

RÓGASE QUE TODAS AS FAMILIAS QUE POIDAN TRAMITAR A SOLICITUDE POR SI SOAS O FAGAN PARA PODER PRESTAR TODA A ATENCIÓN ÁS QUE O PRECISEN DE XEITO ESPECIAL.

Independentemente do exposto, estamos a súa disposición no correo electrónico ou teléfono xa citados, para atendelos ante calquera dúbida. Moitas grazas pola súa colaboración.